

1 Curso POO PHP Expresións regulares

1.1 Expresións regulares

PHP ofrece soporte para utilizar expresións regulares ao estilo das que ten a linguaxe Perl por medio da [librería PCRE](#), que dende a versión 5.3.0 da linguaxe PHP xa non pode ser deshabilitada.

As expresións regulares empréganse xunto con certas funcións para realizar buscas, substitucións ou divisións en cadeas de texto. O patrón que contén a expresión regular encérrase entre delimitadores. O delimitador pode ser calquera carácter alfanumérico menos a barra invertida e o espazo.

1.1.1 Patróns

Dentro dos [patróns](#), pódense empregar caracteres especiais como os seguintes:

Caracter	Significado
\	Escapa calquera dos caracteres especiais para poder empregalo dentro do patrón perdendo o seu significado.
^	Fixa o comezo da cadea
\$	Fixa o final da cadea
.	Un carácter calquera
?	O carácter anterior é opcional; pode figurar 0 ou 1 veces
+	Repite o carácter anterior 1 ou máis veces
*	Repite o carácter anterior 0 ou máis veces
	Separa dúas expresións alternativas
[]	Abranguen un conxunto ou rango de caracteres

Por exemplo:

Patrón	Significado
^.*\$	Calquera texto que comeza coa etiqueta e remata con
^a A\$	Letra a minúscula ou A maiúscula
a A	Calquera texto que conteña a letra a minúscula ou letra A maiúscula
[oO]?!a	Calquera texto que conteña "ola" ou "Ola"

1.1.2 Funcións

Entre as [funcións que soportan expresións regulares](#) temos:

- [preg_match](#). Compara unha cadea de texto con unha expresión regular.
- [preg_replace](#). Realiza substitucións de expresións regulares en cadeas de texto.
- [preg_split](#). Divide unha cadea de texto mediante unha expresión regular.

--Víctor Lourido 20:19 26 jun 2013 (CEST)